

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEGREIRA

*Anuncio relativo á aprobación provisional da modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreo de uso público local*

##### ANUNCIO

O Pleno da Corporación con data de 11 de novembro de 2019, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza reguladora da Taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreo de uso público local, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica. Transcorrido o prazo de 30 días hábiles dende a súa publicación no BOP sen que se presentasen reclamacións, considérase aprobada definitivamente.

Publícase a continuación o texto íntegro da citada ordenanza reguladora.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA.**

##### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade con disposto no artigo 20.3.n da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreos de uso público local así como industrias da rúa e ambulantes, e rodaxe cinematográfica que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

##### **Artigo 2.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible a ocupación de vías públicas con motivo das actividades aludidas no artigo 1 desta ordenanza.

##### **Artigo 3.- Obrigados ó pagamento**

Están obrigados ó pagamento desta taxa as persoas ou entidades a prol das que se outorgue a correspondente licenza ou autorización ou que se beneficien do aproveitamento se procederon sen a oportuna autorización municipal.

##### **Artigo 4.- Dereito á percepción**

Terase dereito a percibi-la taxa e nace a obrigaçión de contribuír co outorgamento da licenza para ocupa-la vía pública con algúns dos aproveitamentos sinalados no artigo 1 desta ordenanza.

##### **Artigo 5.- Tarifas**

As tarifas da taxa serán as seguintes:

- a. Postos de feira, casetas e barracas en festas, 6,30 €/metro cadrado, no núcleo urbano, e 2,10 €/metro cadrado no medio rural.
- b. Postos de feira, casetas e barracas e épocas e días non festivos: 6,30 €/metro cadrado no núcleo urbano e 2,10 €/metro cadrado no medio rural.
- c. Postos de mercadillo municipal: 0,55 €/metro lineal e día.

##### **Artigo 6.- Normas de xestión.**

As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados na presente ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, na que indicarán a superficie a ocupar e o tempo de duración.

As cantidades esixibles de acordo á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou efectivamente realizado e serán irreductibles.

As autorizacións terán carácter de persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros, dando lugar o incumprimento á anulación da licenza sen prexuízo das contías que corresponda aboar ós interesados.

A autorización de postos de feira, casetas e barracas indicará os días aos que se refire, cun límite máximo de catro días consecutivos. As autorizacións de postos de mercadillo serán semestrais ou anuais, coincidindo co período de pago escollido.

O pagamento da taxa realizarase por ingreso directo na Tesourería municipal, sempre antes de retirar a correspondente licenza. Este ingreso terá carácter de depósito previo de conformidade co disposto no artigo 26.1.a da Lei 39/1988, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó conceder a licenza correspondente.

O período de pago será semestral ou anual, debendo indicalo así o interesado.

#### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse unha vez publicada integramente no BOP e transcorra o prazo sinalado no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e seguirá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, 08 de xaneiro de 2020

Manuel Angel Leis Miguez

Alcalde - Presidente

2020/66